

A familia Gamallo Adrio

Nieves Gamallo Adrio non soubo que o seu pai estivera preso ata que, no día que morreu, en outubro de 1974, no velorio achegóuselle á súa nai un home laiándose do mal que, tanto el como o finado, o pasaran no penal de San Cristóbal. A partir de aí, Nieves descubriu que Manuel Gamallo Lois fora detido despois da sublevación militar de xullo do 36 e ingresado na prisión provincial de Pontevedra, desde onde o trasladaran, primeiro á illa de San Simón e despois ao penal de San Cristóbal, en Navarra. Fora condenado a cadea perpetua e lograra a liberdade condicional o 21 de xuño de 1941. Mais, deses cinco anos de cadea, non falou nunca con ningún dos seus tres fillos. Nunca. Nin unha soa mención. Foi tras a morte do seu pai, tras os segredos contados no velorio, que Nieves entendeu aqueles días nos que ficaba calado, con mirada triste e o pensamento perdido nalgún lugar que ata entón ela descoñecía.

“Cando nós eramos pequenos, os meus pais falaban entre eles, collían a prensa e facían comentarios, pero sempre entre eles. A nós tíñannos afastados das malas vivencias que sufriran. Non soubemos o que lle pasara ao meu pai ata o día que morre e chega un home que traballara con el no hospital de Caamaño a darlle o pésame á miña nai e empeza a contar as penalidades que pasaran en Pamplona. Contou que un día chegaran ao hospital e leváranos a todos presos e que día tras día estaban no penal agardando a ver a quen lle tocaba hoxe ser paseado...”.



Tampouco soubo Nieves, ata que foi adulta, que como consecuencia do golpe de Estado do 36, a súa nai, Nieves Adrio Sobrido, fora denunciada polo cura de Ponteareas, onde impartía aulas, e ao ser avisada por un veciño de que ían por ela, ficou agochada nun faiado ata que puido trasladarse a Vilagarcía e buscar refuxio na casa da súa familia materna.

Nieves Gamallo xa era adulta cando intuía a orixe desa especial adoración que a súa nai sentía pola figura do seu pai, porque de nena nunca preguntou de que morrera o avó. Xa era adulta cando soubo que Germán Adrio Mañá, dono do colexio Equis de Pontevedra, fora unha das persoas fusiladas en Pontevedra o 12 de novembro:

“Ti notabas que non lles gustaba falar do tema e tampouco preguntabas. E non sei se con outra xente o farían, pero con nós, desde logo, nunca falaban diso. Penso que non querían rompernos a cabeza porque xa o pasaran eles suficientemente mal como para que agora nós...”

O que sempre tivo claro Nieves Gamallo foi a especial relación que a súa nai tiña co seu avó. Nieves Adrio quedara orfa con oito anos e iso uníraa moito ao seu pai. A súa nai, Nieves Sobrido, morrera un par de meses despois de dar a luz á súa quinta filla, xusto cando se tiñan que ter cumprido os nove meses de embarazo. Isolina ou Solita, como lle chamaban cariñosamente á mais pequena das fillas de Germán Adrio, nacera prematura. Aos sete meses de embarazo a súa nai sufrira unha caída en Lárez. Baixando dun barco tropezara e levara un golpe na barriga que adiantara o parto e que lle provocara unha parálise á meniña. Unha noite, dous meses despois, Nieves atópase mal e pídelo ao seu home que vaia buscar un vaso de auga. Cando volve ao leito, Germán atópaa morta. Desde entón a súa filla maior convértese no seu principal apoio, creando un lazo que se mantivo incluso despois de que, aos dous anos de enviivar, Germán casara cunha das irmás pequenas da súa muller, Rita Sobrido:

“O meu avó quedou viúvo con cinco fillos, a maior de oito anos e a pequena de dous meses. Para non perdelo, para que non casara con outra, a familia da miña avoa montoulle a voda cunha das irmás pequenas da súa muller e para facerlle a vida mellor levaron para Vilagarcía ás tres fillas pequenas, incluída a que nacera con problemas, e só quedaron con eles en Pontevedra a miña nai e o meu tío, que tería seis ou sete anos”.

En 1924, con doce anos, Nieves Adrio ingresa como alumna no Instituto de Ensino Medio de Pontevedra e dous anos máis tarde logra o título de bacharelato. Dos catorce aos dezanove cursa os estudos na Normal e en 1933 obtén o seu título de mestra. Primeiro exerce en Lugo e despois en Angoares e Ponteareas. As oposicións prepáraas xunto ao seu pai, o que dá unha idea do unidos que ambos os dous estaban:



“Miña nai e o meu avó prepararon as oposicións xuntos porque el empezara a estudar Matemáticas en Santiago pero a súa familia tivera problemas económicos que lle obrigaran a deixar a carreira, así que empezara a dar clases sen ter título e cando a miña nai terminou Maxisterio e se puxo a preparar as oposicións, el preparounas con ela”.

Despois dos altibaixos provocados polos negocios, a familia gozaba de boa saúde económica. Nieves Adrio mesmo lembraba que sendo pequena os avós tiñan coche de cabalos e cando o seu pai foi asasinado contaba cun abono no palco do teatro, mostra da folgura económica que proporcionaban os ingresos do colexio Equis.

Todo cambiou en xullo de 1936 cando Germán Adrio Mañá, mestre socialista afiliado á UXT e ex concelleiro, foi detido e condenado a pena de morte por rebelión militar, sendo fusilado o 12 de novembro no quilómetro 1 da estrada de Campañó.

Cando a súa filla Nieves, perseguida e destituída do seu posto de mestra, puido abandonar o agocho vilagarcián, volveu a Pontevedra e púxose a dar clases particulares na casa para achegar ingresos a un fogar que compartía coa viúva do seu pai e ao que tamén regresaran as súas irmás pequenas. Todo mudara para a familia Adrio Sobrido, cando co pai morrera tamén a bonanza económica. A terceira filla de Germán e Nieves, Josefa, axiña casou e marchou, acompañando o seu marido, que era militar, ao destino. A cuarta, Maruja, non chegaría a casar e responsabilizouse especialmente do coidado da máis pequena dos Adrio Sobrido, condenada de por vida a unha cadeira de rodas. O único varón, Germán, xa estudaba medicina cando mataron o seu pai e as mulleres da casa traballaron para que por culpa dos cartos non tivera que deixar os estudos universitarios como lle pasara ao seu pai. A Rita, de boa familia, que na década dos anos 20 daba aulas de párvulos no colexio Equis do seu home, e que ata tiña palco no teatro, a sublevación fascista cambioulle por completo a vida. Puxo un taller de bordado e axudada por Maruja, que acabaría sendo mestra de bordado na Escola Normal de Pontevedra, ocupouse do enxoval de moitas pontevedresas durante décadas. Nieves tamén achegaba cartos pero só das aulas particulares, pois non recuperaría o posto de mestra ata unha década despois. Era ela tamén, por ser a maior, a que tiña que facer as longas colas de racionamento necesarias para acadar o escaso alimento, e entre unhas e outras lograron que Germán Adrio Sobrido se convertera no afamado médico ao que, anos despois, Pontevedra dedicaría unha rúa:



“Tanto o meu tío como a miña nai eran moi Adrio, eran os máis Adrio de todos. Quero dicir que tiñan ese tipo de compromiso que levou ao meu avó a defender a República. O meu tío era imprescindible para moitas familias de Pontevedra, onde exercía de médico de familia. E á miña nai eu recórdoa sempre preparando as clases e ao mediodía, aproveitando que quedaba na escola para axudar os nenos que ían con máis atraso. Implicábanse moito nas cousas... eran moi Adrio”.

Nieves Adrio Sobrido casou en 1948, dous anos despois de recuperar o seu posto de mestra. Os seus dous fillos e a súa filla non saben como coñeceu a Manuel Gamallo. Quizais fora pola coincidencia política coas ideas do seu pai e as súas propias, porque ao igual que Germán Adrio, Manuel fora concelleiro por Izquierda Republicana, no seu caso no Concello de Cerdedo, onde nacera, aínda que a súa infancia a pasara en Sanxenxo cun tío cura. “No entanto, -conta a súa filla-, de maior non quería saber nada da igrexa, a igrexa nin lla nomearas”.

O que si lles dixo Nieves cando xa enviuvara foi que recordaba ao seu home cando chegara de Pamplona: “Parecía un cadáver andante e animicamente estaba moi tocado, claro”.

Ambos os dous decidiron deixar atrás o pasado, as ideas, mesmo as lembranzas, nun sitio dos dous, onde non lle doeran aos fillos:

“Para min -conta Nieves Gamallo-, o importante é que non nos tiveran influído negativamente porque eu tiña un amigo que a nai tamén vivira a guerra, quedara traumatizada e ao fillo tiña queimado. A min xamais. Os meus pais xamais influíron nas ideas que temos e, de feito, os tres irmáns témolas diferentes. O meu irmán maior estaba moi metido na OJE e vías detalles porque a miña nai procuraba que o meu pai non o soubese. O meu pai exteriorizar non exteriorizaba nada pero ela sabía que lle desgustaba o da OJE, porque supoño que el foi o que o pasou peor, estando encerrado e pasando, como contaba o enfermeiro no velorio, a vivencia de *a ver a quen lle toca hoxe*”.

Manuel Gamallo Lois morreu un ano antes que o ditador, cando o seu fillo maior tiña 25 anos, e nese tempo mantívose firme na súa decisión de enterrar o pasado no pasado. E como nin el nin Nieves fixeran nunca nin unha mención do que viviran, cando el morreu e os segredos saíron á luz, os fillos respectaron o seu silencio e non lle fixeron preguntas á súa nai.

“Había temas dos que notabas que a miña nai falaba o xusto, igual porque non era o momento apropiado. Por exemplo, na casa non se falaba de política para evitar problemas, sobre todo a raíz de que o meu irmán empezou na OJE. Ese tema a miña nai prefería non menealo. Supoño que a ela non lle gustaría, que pensaría como podía el pensar así tendo en conta o que lle pasara ao seu pai e ao seu home pero, claro, se ti lle das ao teu fillo liberdade para decidir e logo el medra nun ambiente marcado por outra ideoloxía...”



Foron os papeis que Nieves Adrio gardou minuciosamente os que lles deron pistas aos seus dous fillos e á súa filla do que a familia pasara. O seu currículo de mestra, que recollía que fora apartada da profesión en setembro de 1936, ou a petición de pensión de viuvez tramitada na democracia, que facía un percorrido polas datas e os lugares do encarceramento de Manuel: o 16 de novembro de 1936 ingresa na prisión provincial de Pontevedra; o 3 de marzo de 1937 trasladáno a San Simón e logo a San Cristóbal, en Navarra, o 19 de maio de 1937; e obtén a liberdade condicional o 21 de xuño de 1941.

Case sete anos habían pasar desde que Manuel Gamallo sae do cárcere ata que casa con Nieves Adrio Sobrido. Doce anos despois do golpe de Estado, o 1 de marzo de 1948, Manuel casaría coa filla do mestre fusilado xunto ao seu compañeiro de hospital, o médico Amancio Caamaño, naquel aciago 12 de novembro no que tamén deixarían a vida absurdamente pegada ao paredón un sobriño de Germán Adrio, José Adrio Barreiro, e o cuñado deste último, Luís Poza Pastrana. José Adrio estaba casado con Aurora Poza Pastrana, esa muller que toda a vida tivo moita relación coa viúva e a filla maior de Germán Adrio, sen que a súa neta Nieves soubera ata moito despois que aquela fonda vinculación tiña a súa raíz nun 12 de novembro no que tamén perderan a vida outros seis homes: o médico Telmo Bernárdez, os mestres Paulo Novás e Benigno Rey, o xornalista Víctor Casas, o capitán Juan Rico e o editor Ramiro Paz.

Un ano despois da súa voda, en 1949, Manuel Gamallo recupera a praza de practicante do concello de Pontevedra que conseguira para o anexionado Xeve en 1935 e da que fora inxustamente afastado no 36. Logo habería de conseguir tamén a de practicante na loita antivenérea da xefatura provincial de Pontevedra: “Estaba en mil sitios porque tocaba sacar a casa adiante”.

Manuel fixérase practicante porque de neno tivera un accidente que o deixara sen o polgar esquerdo e, cando xa cursaba medicina, impedíronlle acadar o título polas limitacións que a súa man supuña para practicar a cirurxía.

Como practicante tocoulle, a partir do 48, cubrir a zona do rural pontevedrés máis afastada do centro e no inverno tiña que desprazarse quilómetros e quilómetros con frío e con choiva. Por iso metía os zapatos en chanclas e por iso lle encargou a unha persoa coñecida que lle fixera un par de polainas con cremalleiras que lle cubriran o pantalón ata os xeonllos empalmando cun impermeable interminable.



Tamén encargaron un par de polainas para a súa muller. Nieves Gamallo recuperara o seu posto de mestra en 1946, dez anos despois de que exercera por última vez. O seu primeiro destino foi Corbillón, en Cambados. Ao ano seguinte Rouxique, no Concello de Sanxenxo, e logo Valongo, en Cotobade, para regresar co novo curso a Rouxique onde estaría ata 1948 cando, grazas a unha permuta, conseguiu marchar para Couso, en Xeve. A súa filla, que nacería dous anos despois, recorda aquela casa ao lado do río que acollía a escola. Lembra a corte, a lareira e o oco que facía ás veces de baño. Nieves Adrio tiña que facer cinco quilómetros ao día; ao principio en burro ata Xeve, con vento e frío, e despois nun autobús que a deixaba no monte, a quilómetro e medio da escola, que había que alcanzar a andar. E a volta había que facela por Lérez porque polo traxecto de ida non había autobús. Así que desde Xeve, onde está o río, tocaba subir a costa ata o empalme de Lérez, cargada como unha mula porque marchaba pola mañá e xa non volvía ata ben entradiña a tarde.

Nieves aproveitaba os mediodías para as clases de reforzo co alumnado menos aplicado e a boa relación cos pais e nais para facer algún apaño na escola. Alí estivo ata o ano 1972 cando, tras a concentración escolar, foi para o colexio de Pedra Picada, en Lérez, onde se xubilaría despois de que esa vena Adrio súa, como di a filla, a levara a implicarse ata converterse en encargada do material da biblioteca e subdirectora.

Nunca, en todo ese tempo, falou cos fillos do que quedara atrás. Souberon que o seu avó fora fusilado por unha conversa na casa de Rita, a viúva de Germán, que era moi de faladoiros na hora do café. Xurdiu o dato de forma natural, e máis nada na longa noite do franquismo.

O 20 de novembro de 1975, cando o ditador morreu, Nieves Gamallo, a filla do home que Franco encerrara en San Simón e Pamplona, a neta do mestre que fusilara no quilómetro 1 da recta de Campañó, estaba en Madrid preparando unhas oposicións e sentiu un arrepío cando veu a agresividade dos grises golpeando as portas do coche en Cuatro Caminos. Entendeu o medo que lle daba á súa nai que ela estivera alá cando, indo pola rúa Goya, uns falanxistas pararon o coche que baixaba en dirección contraria e, cargados con cadeas, obrigaron as persoas ocupantes a baixar e cantar o Cara ao Sol. O seu sangue Adrio laiouse de rabia e impotencia:

“Deume moita coraxe esa agresividade, esa falta de respecto... A imposición ideolóxica, non. Intenta convencerme coa palabra. Podo entender que penses distinto ca min pero impoñerme o teu pensamento, non”.



Tras a morte do ditador, Rita Sobrido puido por fin tramitar a súa pensión de viuvez polo marido asasinado e Nieves Adrio puido ir votar, un xesto que lembraba aquel pasado oculto que ela tivera que enterrar, pero que, malia iso, para ela foi sempre un xesto irrenunciable.